



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.

Polo presente faise público que pola Resolución da Alcaldía 132/2025, do 19/03/2024, se convocou o procedemento de selección para a creación dunha bolsa de emprego para o nomeamento de persoal funcionario interino do grupo A, subgrupo A2, escala administración especial, subescala técnica, Traballador/a social, polo procedemento de oposición libre e se aprobaron as correspondentes bases, sendo estas últimas as que figuran a continuación.

BASES REGULADORAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.

PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego que permita o nomeamento de persoal funcionario interino para o desempeño das funcións de traballador/a social, escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A2, cando se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e/ou no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e así sexa apreciado por esta administración.

SEGUNDA.-FUNCIONS E RETRIBUCIONS

Con carácter xeral o persoal funcionario interino desenvolverá as funcións que figuran a continuación en relación á área de servizos sociais:

- Información, asesoramento, orientación e intervención técnica para resolución das situacións de necesidade e conflito a nivel individual e colectivo.
- Tramitación e xestión administrativa de programas, recursos e prestacións das administracións competentes.
- Supervisar os servizos externalizados na súa área así como, as infraestruturas propias.
- Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes do municipio, a través da observación, atención da demanda e a investigación.
- Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectadas así como a avaliación e derivación se é o caso.
- Propoñer e deseñar as políticas a desenvolver na área.
- Axuda á integración de individuos, familias e grupos que o precisen, favorecendo solución de inserción social, evitando situación de marxinación e/ou exclusión social.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Colaboración en actividades que permitan a conciliación laboral e a integración social.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Non obstante, fanse as seguintes concrecións:

1.- En canto o persoal funcionario interino preste os seus servizos ocupando unha praza/posto que non se poida cubrir por persoal funcionario de carreira ou en substitución do titular desenvolverá as funcións correspondentes a ese posto e/ou que viñeran sendo desempeñadas polo titular. Nestes casos as funcións serán, pois, as enumeradas anteriormente, e no seu caso, a dirección e coordinación xeral da área, así como, coordinar e supervisar a actividade do persoal adscrito á mesma, e en todo caso as funcións establecidas nas bases de selección que rexeron a selección do titular.

Así mesmo, asumirá as novas funcións que se poidan derivar da aprobación da Relación de Postos de Traballo e/ou outro instrumento de ordenación de persoal.

2.- No caso de que o chamamento se leve a cabo a fin de executar programas de carácter temporal as funcións serán as que se deriven no seu caso de ditos programas e no caso de ser chamado por exceso ou acumulación de tarefas desenvolverá ás funcións e tarefas que se concreten na resolución de chamamento.

3.- No caso de que nomeamento se produza por vacante ou substitución do titular o persoal funcionario interino percibirá as retribucións básicas correspondentes ao subgrupo A2 que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias correspondentes ao posto que proceda a ocupar/desempeñar.

Nos supostos que o nomeamento se produza para a execución de programas de carácter temporal ou por exceso ou acumulación de tarefas as retribucións complementarias serán as correspondentes ao do posto máis semellante e se concretarán na resolución de chamamento.

TERCEIRA.-O/S NOMEAMENTO/S E A FINALIZACIÓN DA RELACIÓN DE INTERINIDADE

Rematado o proceso selectivo poderase proceder, como xa se dixo, ao nomeamento de persoal funcionario interino cando se produza algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) e/ou no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e así sexa apreciado por esta administración.

Será causa de finalización da relación interinidade a concorrencia de calquera das causas previstas pola normativa vixente. Polo tanto, e en todo caso, o Concello de Malpica de Bergantiños, formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade por calquera das seguintes causas, ademais de polas previstas no artigo 63 do TREBEP, sen dereito a compensación algunha:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- a) Pola cobertura regrada do posto por persoal funcionario de carreira a través de calquera dos procedementos legalmente establecidos.
- b) Por razóns organizativas que dean lugar á supresión ou á amortización dos postos asignados.
- c) Por finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento.
- d) Pola finalización da causa que deu lugar ao seu nomeamento.

CUARTA.-SISTEMA SELECTIVO

Segundo o artigo 10.2 do TREBEP a selección do persoal funcionario interino será pública, rexéndose en todo caso polos principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade e terán por finalidade a cobertura inmediata do posto. O nomeamento derivado destes procedementos de selección en ningún caso dará lugar ao recoñecemento da condición de persoal funcionario de carreira.

A selección das persoas candidatas mais idóneas realizarase a través do procedemento de selección de oposición libre, realizándose este consonte co sinalado no TREBEP, na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

QUINTA.-REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Serán requisitos mínimos das persoas aspirantes en aplicación do artigo 56 do TREBEP:

- a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto no artigo 57 TREBEP, tamén poderán acceder os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.
- b) Ter cumprido a lo menos 16 anos de idade, e non exceder, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condición de obtelo na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes o título universitario oficial de grao en Traballo Social ou equivalente.

Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír as titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións semellantes ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Estar en posesión do certificado CELGA 4 (ou superior) ou equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia as persoas aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base décima das presentes, e que cualificará a persoa aspirante como apta ou non apta.

As persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, de toma de posesión como persoal funcionario interino.

SEXTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. Para tomar parte no procedemento as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares sinalados no punto 5 desta base sexta, a súa participación mediante a presentación da instancia que se recolle no Anexo II destas Bases, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

Xunto coa solicitude débense achegar copias dos documentos xustificativos de cumprir os requisitos de participación. Así, a instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- b) Xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame, que de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora queda establecida en 15,00 euros.

A taxa será obxecto de autoliquidación. O impreso de autoliquidación poderase obter a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

(<https://ovtmalpica.dacoruna.gal/ga/>). Tamén estará ao dispor das persoas aspirantes no departamento de Recadación do Concello de Malpica.

O pago da taxa poderase realizar de xeito telemático na Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://ovtmalpica.dacoruna.gal/ga/>) ou imprimir o documento da autoliquidación e pagala de xeito presencial nas distintas entidades colaboradoras que figuran no devandito impreso (Abanca e Banco Santander) ou mediante tarxeta bancaria na oficina de Recadación do Concello.

c) Copia do título (ou certificación acreditativa equivalente) requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo.

d) No caso de solicitar a exención da realización da proba de coñecemento da lingua galega as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude copia do certificado CELGA 4 (ou superior) ou equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007 e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

3. A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal. Non obstante, conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello de Malpica de Bergantiños, poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

En todo caso a persoa interesada responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose este Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

4. As persoas aspirantes con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que consideren oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para ilo farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas, debendo achegar á solicitude a certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

5. O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (Avd. Emilio González López, núm. 1, 15113- Malpica de Bergantiños), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños (<http://sede.malpicadebergantinos.es>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

DEZ (10) DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en Correos e poder realizar o seu seguimento, as persoas solicitantes deberán comunicalo ao concello durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada (Anexo II) xa rexistrada ou co selo de tempo de Correos, ao correo electrónico (correo@malpicadebergantinos.es), indicando como asunto: bolsa de emprego persoal funcionario interino traballador/a social.

SÉTIMA.-PUBLICIDADE

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/es/informacion/>), así coma no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello a todas aquelas persoas que o soliciten.

O anuncio da convocatoria do proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios electrónico do concello. A dita convocatoria poderá ser simultánea á aprobación das bases de selección.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emplacements ás persoas aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/es/informacion/>), medio exclusivo de notificación ás persoas interesadas de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.

OITAVA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, indicando as causas de exclusión en cada caso.

Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/es/informacion/>). A citada resolución procederá a conceder un prazo de 5 días naturais para que as persoas interesadas que o consideren oportuno procedan a subsanar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra a citada listaxe provisional de admitidos.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido/a será definitivamente excluído/a do procedemento.

As subsanacións referiranse exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes contemplado na base



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

sexta apartado 5. No caso concreto das taxas so caberá a subsanación si se ten realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias e non se aportase o xustificante de telo realizado, non sendo admitido a realización do ingreso fóra do prazo inicial de presentación de instancias.

Rematado o prazo de subsanación, a Alcaldía ditará nova resolución, aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, aprobando a listaxe definitiva se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións/alegacións/emendas ou elevando a definitiva a listaxe provisional en caso contrario. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

No caso de non existir deficiencias a emendar, ditarase resolución declarando a listaxe de persoas admitidas e excluídas definitiva, e procederase a publicala no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

Na mesma resolución incluírase a designación nominal do Tribunal cualificador, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o lugar e data de realización da primeira proba do proceso selectivo.

En todo caso deberá mediar como mínimo un prazo de 48 horas entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma.

NOVENA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), co Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros: un/unha presidente/a; un/unha secretario/a e tres vogais. O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

Os membros do tribunal cualificador noméanse/desígnanse na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas excluídas no proceso selectivo.

Todos membros do tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o presidente e secretario e dous dos vogais (titulares ou suplentes, indistintamente). Todos os membros do tribunal terán voz e voto, salvo o/a secretario/a que actuará con voz pero sen voto.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Sempre que así o acorde o tribunal no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre dous aspirantes ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes ou outro sistema empregado para garantir o anonimato, estes actos se poderán realizar/celebrar coa soa presenza de polo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o/a secretario/a.

Os membros do tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto no Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

DÉCIMA.-PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN, OPOSICIÓN

A oposición constará de dous exercicios eliminatorios, de modo que non poderán pasar ao segundo exercicio (proba de galego) as persoas aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima establecida para superar o primeiro exercicio.

Os exercicios, probas e lecturas de exercicios escritos practicaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior e/ou nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal. O chamamento para o inicio das probas realizarase por orde alfabético do primeiro apelido de cada un das persoas aspirantes.

Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade. En calquera momento do proceso selectivo os órganos competentes de selección poderán requirir ás persoas aspirantes para que acrediten a súa identidade.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O tribunal publicará os sucesivos anuncios de celebración dos exercicios no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

Sempre que resulte posible garantirase o anonimato das persoas aspirantes na realización das diferentes probas que comportan o presente proceso de selección.

A orde de actuación das persoas aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “F”, de conformidade co establecido Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16 de data 24 de xaneiro de 2025). De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Calquera referencia normativa do temario, Anexo I, entenderase referida ás disposicións legais vixentes na data de publicación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

As normas de dereito positivo relacionadas no temario, Anexo I, que fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite na data de publicación da listaxe definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Primeira proba.

Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en contestar, por escrito, un cuestionario tipo test de 50 preguntas, máis 5 preguntas de reserva, con tres respostas alternativas das que só unha será a correcta, sobre o contido do programa específico da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 90 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,4 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,15 puntos.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 20 puntos, quedando eliminados as persoas aspirantes que non obteñan un mínimo de 10 puntos.

Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

As preguntas de reserva poderán/deberán ser contestadas polas persoas aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do *exame inicial* (as 50) que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera mais dunha anulación.

Segunda proba.

Coñecemento do galego. Proba escrita que consistirá en traducir, do castelán ao galego ou a inversa un texto sinalado polo tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Esta proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio, agás para as persoas aspirantes que teñan acreditado estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, o nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 4 ou equivalente, segundo o sinalado no apartado 5.1.f) das presentes bases.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de apto.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. A cualificación como NON APTO supón a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Disposición común.

As puntuacións/cualificacións resultantes da corrección dos exercicios faranse públicas no taboleiro de anuncios electrónico do concello. Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte a súa publicación

Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios electrónico.

Cualificación final.

A cualificación definitiva da oposición será o resultado da puntuación outorgada polo tribunal no primeiro exercicio da fase de oposición.

De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá a formación da bolsa de emprego polas puntuacións asignadas ordenadas de forma decrecente empezando pola persoa aspirante que obtivera a maior puntuación. No caso de empate/s, este/s resolverase mediante sorteo, o cal terá carácter público e se poderá realizar/celebrar coa soa presenza de polo menos dous dos membros do Tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o/a secretario/a.

UNDÉCIMA.-LISTA DE PERSOAS APROBADAS E CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios electrónico do concello, a relación definitiva das persoas aspirantes aprobadas pola orde da puntuación obtida (ou resultante do sorteo no caso de empate). Esta relación presentárase á Alcaldía a fin de que esta proceda a crear/aprobar a bolsa de emprego.

A Resolución da Alcaldía pola que se proceda á creación/aprobación da bolsa de emprego será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

En todo caso, a existencia da bolsa non implica a obriga do concello de acudir á mesma no caso de concorrer as circunstancias que habiliten para ilo.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A bolsa terá unha vixencia de tres anos (contados dende a data da súa aprobación por Resolución de Alcaldía). Non obstante, quedará extinguida automaticamente, antes da finalización de dito prazo de vixencia, coa aprobación doutra bolsa con obxecto e/ou características equivalentes á presente. Ademais, será causa de extinción da bolsa que todas as persoas integrante da mesma non manifesten interese nunha oferta de emprego concreta ou presenten a súa renuncia.

A bolsa funcionará coas características que se sinalan na base seguinte.

DÉCIMO SEGUNDA.- O FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

12.1.- O/s chamamento/s, nomeamento, toma de posesión e finalización da relación de interinidade (cese).

As persoas integrantes da bolsa poderán ser chamadas (sempre respectando a orde da listaxe), nas circunstancias previstas legalmente para o desempeño por persoal funcionario interino de funcións propias dun traballador/a social.

Unha vez detectada a situación de necesidade para cobertura temporal, e tramitado o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento das circunstancias esixidas legalmente para proceder ao nomeamento de persoal funcionario interino, así como a existencia de crédito orzamentario, a Alcaldía procederá ao chamamento sucesivo das persoas aspirantes por orde de listaxe, debendo as persoas interesadas manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Malpica de Bergantiños, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios electrónico do concello, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar coa persoa aspirante por vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas (diferenza de 3 horas) en horario de mañá, de 9:00 a 14:00 horas, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante informe emitido polo empregado público que realice os intentos.

No caso de manifestar a persoa aspirante o seu interese en ser nomeada (aceptación da oferta), achegará no prazo máximo de cinco (5) días naturais, contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, base quinta, así como toda a documentación requirida polo departamento de persoal co fin de efectuar o nomeamento e toma de posesión como persoal funcionario interino, sempre que non obren xa en poder desta administración.

Así, pois, a documentación a presentar será, no seu caso, a que segue:

- Copia cotexada do DNI ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- Copia cotexada do título (ou certificado acreditativo equivalente) requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Copia cotexada do certificado CELGA 4 (ou superior) ou equivalente, no caso de non ter realizado a proba de coñecemento da lingua galega.
- Declaración de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente e non ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da toma de posesión.

Así mesmo, a persoa aspirante deberá realizar un recoñecemento médico obrigatorio que acredite que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas da praza. Recoñecemento médico que será realizado polo servizo de prevención externo do concello, sendo citada oportunamente a persoa aspirante para a realización do mesmo.

A persoa proposta para o nomeamento que fixese valer a súa condición de persoa con discapacidade na instancia, deberán acreditar a compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

A non presentación pola persoa aspirante dentro do prazo fixado da documentación esixida ou cando do exame da mesma dedúzase que se carecen dalgún dos requisitos sinalados nas presentes bases e/ou o non sometemento ao recoñecemento médico e/ou a non superación do mesmo suporá que a persoa aspirante non poderá ser nomeada persoal funcionario interino. Nestes casos procederase ao chamamento da persoa que figure na seguinte posición da listaxe procedéndose da mesma forma sinalada.

Presentada pola persoa aspirante dentro do prazo fixado a documentación esixida e acreditado o cumprimento dos requisitos sinalados nas presentes procederase, pola Alcaldía, ao nomeamento como persoal funcionario interino.

O nomeamento deberá ser notificado a persoa interesada, a cal deberá tomar posesión dentro do prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados desde a data de notificación, tendo en conta que dito nomeamento realizarase con carácter de interinidade vinculado á circunstancia que deu lugar ao seu chamamento.

A resolución de nomeamento será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello co réxime de recursos que proceda.

Será causa de finalización da relación interinidade (cese) a concorrencia de calquera das causas previstas pola normativa vixente.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

12.2- Causas que motivan pasar a ocupar a última posición da bolsa e causas de exclusión da bolsa:

12.2.1.- Causas que motivan pasar a ocupar última posición da bolsa:

- Non aceptar (renunciar) ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta/chamamento, salvo causa/s e/ou situación/s xustificada/s acreditada/s documentalmente.
- Renunciar á condición de persoal funcionario interino derivada da aplicación/execución das presentes bases.
- Agás os casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo concello, a non presentación pola persoa aspirante dentro do prazo fixado da documentación esixida para o nomeamento tras manifestar o seu interese en ser nomeada (aceptación da oferta).

Considéranse causas e/ou situacións xustificadas para non aceptar (renunciar) ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta/chamamento as seguintes:

- Ser beneficiario/a dunha prestación recoñecida pola Seguridade Social.
- Estar en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns ou profesionais.
- Estar en situación de servizo activo noutras administracións públicas.
- Estar en situación de servizos especiais contemplados pola normativa vixente.
- Ter vixente un contrato de traballo ou exercer como autónomo.

As citada causas e/ou situacións para ser apreciadas deberán ser acreditadas documentalmente.

12.2.2.- Causas de exclusión da bolsa:

- Carecer en calquera momento durante o prazo de vixencia da bolsa dos requisitos esixidos na base quinta.
- Agás os casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo concello, non someterse ao recoñecemento médico obrigatorio que acredite que a persoa aspirante posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas da praza tras manifestar o seu interese en ser nomeada (aceptación da oferta).
- Non tomar posesión tras procederse ao correspondente nomeamento, agás os casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo concello.
- Incorrer dúas veces nalgún dos supostos que implique pasar a última posición da bolsa.
- A renuncia a integrar a bolsa.

12.3.- Outras cuestións relativas ao funcionamento da bolsa.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Finalizada a relación interinidade recuperarase/manterase a posición na listaxe/bolsa cando dita finalización se produza por algunha das seguintes causas: cobertura regrada do posto por persoal; por razóns organizativas que dean lugar á supresión ou amortización do posto asignado; pola finalización do prazo autorizado expresamente e recollido no nomeamento e por finalización da causa que deu orixe ao nomeamento.

Manterase a posición na listaxe/bolsa cando non se acepte (se renuncie) ou non se responda dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta/chamamento sempre que concorran causa/s e/ou situación/s xustificada/s acreditada/s documentalmente.

DÉCIMO TERCEIRA.-DEREITOS DE EXAME.

Conforme ao previsto no artigo 7 (Epígrafe 4) da Ordenanza Fiscal nº 5 “Reguladora da taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou as Autoridades Locais”, publicada no BOP núm. 61 do 16/03/2005, os aspirantes terán que aboar unha taxa de 15,00 euros para poder participar no presente proceso selectivo.

A taxa será obxecto de autoliquidación. O impreso de autoliquidación poderase obter a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://ovtmalpica.dacoruna.gal/ga/>). Tamén estará ao dispor das persoas aspirantes no departamento de Recadación do Concello de Malpica.

O pago da taxa poderase realizar de xeito telemático na Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://ovtmalpica.dacoruna.gal/ga/>) ou imprimir o documento da autoliquidación e pagala de xeito presencial nas distintas entidades colaboradoras que figuran no devandito impreso (Abanca e Banco Santander) ou mediante tarxeta bancaria na oficina de Recadación do Concello.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito imponible desta taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Por tanto, non procederá a devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

O ingreso da taxa deberá realizarse obrigatoriamente antes do remate do prazo de presentación de instancias previsto no punto 6.5 das presentes bases, non sendo posible a subsanación a través de ingresos posteriores a esta data.

DÉCIMO CUARTA.-RECURSOS.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, as solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polos aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto no art. 53.1 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sendo a única obriga para o Tribunal a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para outorgar as puntuacións.

De conformidade co nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección poderán ser recorridos en de alzada. O recurso de alzada poderá interpoñerse ante o Tribunal Cualificador ou ante a Alcaldía (esta última órgano competente para a súa resolución). O prazo para interposición do recurso será dun (1) mes a contar desde o día seguinte á publicación ou notificación do acordo. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaía resolución, poderase entender desestimado o recurso.

DÉCIMO QUINTA.-NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

DEÉCIMO SEXTA.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- O tratamento dos datos persoais facilitados se axustará ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, Lei Orgánica 3/2018).

2.- De conformidade co establecido no art. 6.1 c) do Regulamento xeral de protección de datos e o artigo 8.1 da Lei Orgánica 3/2018, o tratamento dos datos persoais queda



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

lexitimado polo cumprimento dunha obriga legal (normativa de acceso ao emprego público).

Cando sexa preciso publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme ao previsto na disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018.

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos serán obxecto de tratamento polo Concello de Malpica de Bergantiños coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, o desenvolvemento do proceso selectivo, sendo, pois, o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

3.- Os titulares dos datos poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, limitación, supresión, portabilidade e oposición nos termos establecidos na normativa vixente.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO I- TEMARIO

MATERIAS COMÚNS

TEMA 1.- A Constitución Española. Estrutura. Os principios constitucionais: o estado social e democrático de Dereito. Os valores superiores na Constitución española. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. A reforma constitucional.

TEMA 2.- A organización territorial do Estado. Réxime de competencias: sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas: competencias exclusivas, compartidas, concorrentes, de desenvolvemento e de execución. O Estado das Autonomías. Os Estatutos de Autonomía. O control das Comunidades Autónomas.

TEMA 3.- O Estatuto de autonomía de Galicia. Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. As competencias de Galicia.

TEMA 4.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Disposicións xerais. Dos interesados no procedemento. Da actividade das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Recursos administrativos.

TEMA 5.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común: garantías do procedemento; iniciación do procedemento; ordenación do procedemento; instrución do procedemento; finalización do procedemento e execución. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.

TEMA 6.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencia; órganos colexiados, funcionamento e abstención e recusación.

TEMA 7.- O Réxime local: a Administración Local na Constitución Española de 1978 e o principio de autonomía local. O Municipio: concepto e elementos. A organización municipal nos municipios de réxime común. Réxime de funcionamento dos órganos colexiados locais: réxime de sesións e adopción de acordos. Actas e certificacións de acordos. As competencias municipais. Os servizos mínimos municipais.

TEMA 8.- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes dos empregados públicos e código de conducta. Dereito á xornada de traballo, permisos e vacacións. Dereitos retributivos.

TEMA 9.- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais. Recursos das facendas locais: enumeración. Imposición e ordenación dos tributos locais. Taxas: feito impositivo. Contribucións especiais: feito impositivo. Prezos Públicos: concepto. Impostos municipais: enumeración, natureza e feito impositivo. Os orzamentos: contido e aprobación.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

TEMA 10.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas.

MATERIAS ESPECÍFICAS

TEMA 1.- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia: Título preliminar, título I e título II.

TEMA 2.- Real Decreto 174/2011, do 11 de febreiro, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

TEMA 3.- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. Título I, título II e título III.

TEMA 4.- Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

TEMA 5.- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

TEMA 6.- Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

TEMA 7.- O financiamento dos servizos sociais municipais e a cooperación entre as administracións: o Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais. Convenio entre o Ministerio de Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais das corporacións locais (BOE núm. 163 do 08/07/1988).

TEMA 8.- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento .

TEMA 9.- Orde do 22 do xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar en Galicia.

TEMA 10.- Ordenanza reguladora do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Malpica de Bergantiños (BOP do 23/05/2014, núm. 97).

TEMA 11.-Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e apróbase a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

TEMA 12.- Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.

TRMA 13.- O Código deontolóxico dos/as profesionais do traballo social: principios básicos e xerais e ámbito de aplicación.

TEMA 14.- Ferramentas informáticas para o traballo social: MATIASS, SIUSS, SIGAD, HSUE. O rexistro unificado de entidades prestadoras de servizos sociais (RUEPSS).

TEMA 15.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Título I e Título II.

TEMA 16.- Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención ante o maltrato infantil. Prevención, detección e tratamento social. Inadaptación social e conduta delituosa na adolescencia. Protocolo de actuación ante o maltrato infantil. Institucións para menores na Comunidade Autónoma. Problemática do menor institucionalizado.

TEMA 17.- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, bisexuais e intersexuais en Galicia.

TEMA 18.- Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres de Galicia: Título IV, Promoción da igualdade de mulleres e homes no ámbito local.

TEMA 19.- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Protección e asistencia fronte á violencia de xénero. A organización do sistema de protección e asistencia integral especializada fronte á violencia de xénero.

TEMA 20. Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprirlos centros de atención a persoas maiores.

TEMA 21. Orde do 18 de agosto de 2000 pola que se aproba o estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia.

TEMA 22. O Programa xantar na casa da Deputación Provincial da Coruña e programa de teleasistencia domiciliaria da Deputación Provincial da Coruña e da Xunta de Galicia.

TEMA 23. Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia

TEMA 24. Intervención social coas persoas maiores: o traballo social coas persoas maiores, en institucións e na comunidade. Necesidades sociais e recursos. O idadismo e a discriminación das persoas maiores no exercicio dos seus dereitos. O maltrato nas persoas maiores: físico, psicolóxico, emocional. Actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou con discapacidade en Galicia.

TEMA 25. Real Decreto 888/2022, do 18 de outubro, polo que se establece o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Tema 26.- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e tutela contra a discriminación. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de homes e mulleres de Galicia: Título IV, Promoción da igualdade de mulleres e homes no ámbito local.

TEMA 27.- O sistema español de Seguridade Social: Prestacións non contributivas, modalidades e requisitos.

TEMA 28.- A Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital (IMV): requisitos de acceso e a súa acreditación. As obrigas das persoas beneficiarias do IMV.

TEMA 29.- Intervención social en infancia e adolescencia. Intervención social con familias: modelos de intervención familiar e diversidade familiar. Acollemento familiar. Adopción. Programas de actuación. Equipos do menor: composición, funcións e metodoloxía de intervención. Medidas de protección de menores.

TEMA 30.- Intervención social e discapacidade: discapacidade física, psíquica e sensorial. Necesidades sociais e recursos. Os dereitos das persoas con discapacidade: na Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, no texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, e na Estratexia Española sobre Discapacidade 2022-2030.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO II. - MODELO DE INSTANCIA.

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I.- Que desexo participar no proceso selectivo **PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE.**

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto nas bases de selección, a seguinte documentación:

- ☐ Copia do DNI ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- ☐ Xustificante de pagamento da taxa.
- ☐ Copia do título (ou certificación acreditativa equivalente) requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo.
- ☐ Copia do certificado CELGA 4 (ou superior) ou equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, a efectos da exención da proba de lingua galega.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

☐ Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición, e da miña compatibilidade coas funcións e tarefas propias de traballador/a social, nos termos do previsto, ao efecto, nas bases reguladoras.

- ☐ Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.
- ☐ Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.

Idioma da primeira proba de oposición (marque unha opción):

- ☐ Castelán.
- ☐ Galego.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos persoais, informámoslle que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, con dirección Avda. Emilio González López, núm. 1, 15113- Malpica de Bergantiños.

De conformidade co establecido no art. 6.1 c) do Regulamento xeral de protección de datos e o artigo 8.1 da Lei Orgánica 3/2018, o tratamento dos datos persoais queda lexitimado polo cumprimento dunha obriga legal (normativa de acceso ao emprego público).

Cando sexa preciso publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme ao previsto na disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018.

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos serán obxecto de tratamento polo Concello de Malpica de Bergantiños coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, o desenvolvemento do proceso selectivo, sendo, pois, o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

Os titulares dos datos poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, limitación, supresión, portabilidade e oposición nos termos establecidos na normativa vixente. Para elo, CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Lugar e data

Asdo.....

A ALCALDÍA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente
O alcalde,**

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga